

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

## CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA

*RESOLUCIÓN do 6 de novembro de 2023, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso no grupo 4, administrativo (técnico auxiliar en informática), convocado mediante a Resolución do 22 de decembro de 2022 ( Diario Oficial de Galicia número 246, do 28 de decembro), pola que se dá publicidade de diversos acordos.*

Na sesión que tivo lugar o 6 de novembro de 2023, o tribunal cualificador do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, para o ingreso no grupo 4, administrativo (técnico auxiliar en informática), nomeado pola Resolución do Consello Económico e Social de Galicia do 28 de xuño de 2023 (DOG número 132, do 12 de xullo),

## ACORDOU:

Primeiro. Propor, de conformidade co disposto na base V.2 da convocatoria, o nomeamento como persoal laboral fixo da única aspirante presentada e que superou o proceso selectivo para o ingreso no grupo 4, administrativo (técnico auxiliar en informática), no Consello Económico e Social e que figura no anexo.

Segundo. De acordo co disposto na base IV.13 da convocatoria, contra este acordo poderase interpor recurso de alzada nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2023

Patricia Roiola Rodríguez  
Presidenta do tribunal

## ANEXO

| NIF       | Apelidos e nome     |
|-----------|---------------------|
| ***3075** | Castro Ures, Esther |

CVE-DOG: 9cjl45c9-jho2-bg92-tpk4-ciezljlewe7

